

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ordes para a execución do proxecto denominado Adquisición dun camión con destino a actuacións de protección do ambiente

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo), que lle atribúe, entre outras, as competencias en materia de asistencia á Administración local.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello de Ordes un convenio para a execución do proxecto denominado Adquisición dun camión con destino a actuacións de protección do ambiente.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 29 de decembro de 2021 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).



Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Ordes o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2022.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Ordes para a execución do proxecto denominado Adquisición dun camión con destino a actuacións de protección do ambiente.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Ordes manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto da Adquisición dun camión con destino a actuacións de protección do ambiente, que ten como destino a realización das importantes tarefas que, para a protección do ambiente e do espazo natural, desenvolve a brigada de medio ambiente.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopa o servizo de medio ambiente do concello como consecuencia da avaría irreversible sufrida polo único camión do que este servizo dispoñía.

Recentemente o camión da brigada de medio ambiente sufriu unha avaría que o deixou fóra de servizo sen posibilidade de recuperalo para o servizo, xa que a súa reparación non é viable técnica nin economicamente. Esta situación non permite que a brigada poida continuar realizando con plena eficacia as tarefas habituais que, alén dos traballos de mantemento, permiten dar solución a situacións sobrevidas e urxentes que evitan a produción ou o agravamento de danos ambientais.

Mostra da relevancia destas tarefas e da urxencia para adquirir un vehículo para a brigada foi a afección sobre a rede de pluviais como consecuencia dunha vertedura contaminante no polígono industrial de Ordes, dado que a indispoñibilidade do camión non lle permitiu á brigada realizar unha intervención inmediata para colocar os dispositivos de contención. Xunto a este exemplo concreto, poden relacionarse importantes labores para a protección do ambiente que se desenvolven e precisan deste vehículo; entre eles, a revisión e a reparación das redes de saneamento e abastecemento municipais, os labores de prevención de incendios, a retirada de árbores da vía pública, ou a eliminación de vertedoiros incontrolados. Non cabe dúbida da necesidade inmediata de substituír o vehículo avariado por outro de características similares co obxecto de que a brigada ambiental do Concello de Ordes poida manter a operatividade e continuar desenvolvendo as súas funcións coa debida eficacia.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Segunda e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun concello pequeno para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configura un contexto do cal se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello



de Ordes de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a Facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; así mesmo, correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Ordes.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de SESENTA E CATRO MIL EUROS (64.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 80 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 80.000,00 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

7. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E4, "Cohesión social e territorial"
- Prioridade de actuación PA04, "Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única"
- Obxectivo estratéxico OE01, "E01- Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial"
- Obxectivo operativo OO02 – "Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe"

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 201500168 *Outras actuacións específicas de protección do ambiente*, é o P00076/Entidades beneficiadas, cun valor previsto de 28 entidades.



Estímase que, coa subscripción deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, acadarase un valor de realización de 1 entidade beneficiada, que se corresponde co Concello de Ordes, único destinatario da subvención instrumentada mediante o convenio que nos ocupa :

| Indicador | Tipo Indicador | Valor previsión | Valor de realización asignado |
|-------------------------------|----------------|-----------------|-------------------------------|
| P00076/Entidades beneficiadas | 5-PEG | 28 | 1 |

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso
(*documento asinado electronicamente*)

